

INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

*Membro da "Confederación Española de Centros de Estudios Locales"
(Consejo Superior de Investigaciones Científicas)*

GLAUCOPIS



VIGO

Año XXV - Número 25 - 2020

Os Tamara. Precursores do pop galego

Por Manuel Costas Duarte

RESUMO: *Os Tamara* foron algo máis que un conxunto: foron así como unha orquestra con son de individualidade. Non se apoiaban na guitarra eléctrica porque podían permitirse o luxo -non tan corrente nos últimos tempos- de pasar por unha gran variedade de instrumentos, variedade reservada a quen non son un produto do momento, senón verdadeiros músicos feitos a base de estudos.

Saltaron da súa Galicia natal polo extranxeiro, despois de *endurecerse* ao longo e ancho de toda España. Pero o éxito esperáballes fóra das nosas fronteiras. O público de diversos países converteu *Os Tamara* en figuras. París deulles un gran recoñecemento. O Olympia -a catedral da música lixeira neses anos- consagrounos. Cando volveron a España eran xa algo máis que un grupo de mozos animosos en busca da sorte, eran uns artistas totalmente formados, coñecedores do gusto doce do triunfo.

INTRODUCCION: Hai tempo no que quería escribir sobre *Os Tamara*, e grazas á oportunidade que me facilita o *Instituto de Estudos Vigueeses*, nas páxinas do seu boletín *Glaucofis*, podo facer un extracto do máis destacado desta banda musical. *Os Tamara* son unha das mellores formacións que coñeceu, e sen dúbida coñecerá, a música galega e española.

Nunha época na que o bagaxe discográfica dos grupos nutríase basicamente de versións anglosaxonas, a banda liderada por Prudencio Romo, alma máter das súas composicións e ideólogo principal do seu son, demostrou posuír un elevado talento para a escritura propia, para a



Excelente fotografía de *Os Tamara* tomada no ano 1961, xa incorporado o mítico Pucho Boedo.

creación melódica, para o dominio de ritmos, para o emprego maxistral das voces, cun uso de harmonías moi destacado na historia do pop.

O que isto escribe é un admirador desta banda; aínda reteño na miña retina e gardo no meu recordo cando os vin actuando en directo, alá a finais do mes de setembro do ano 1975, na famosa Discoteca Club *Tito's* de Mallorca e na famosa sala *Nova Olimpia* de Vigo; foi un privilexio poder escoitar a voz melódica do seu vocalista, o mítico Pucho Boedo, como interpretaba as cancións en galego; era un cantante con sentimento, un poeta que recitaba cantando aos nosos máis insignes bardos galegos.

Da parte musical, que dicir!; estaba formado por uns grandes instrumentistas, que sabían moito do oficio, coordinados por un mestre como era Prudencio Romo, que como compositor e arreglista facíao á medida, adaptándoo ao gusto e á voz do gran temoneiro do grupo como era o irrepitible Pucho Boedo.

Os Tamara formáronse en Noia no ano 1958, pero a súa proxección débenlla a Vigo, que foi onde se deron a coñecer nun programa de Radio

Vigo, e desde a súa actuación radiofónica comezaron a actuar no desaparecido café *La Marquesina*, na Rúa Príncipe, e tamén no *Náutico* de Vigo.

Non se pode dicir que *Os Tamara* desapareceran, porque aínda están presentes na memoria e na lembranza, escoitando os seus discos, por esta razón, permanecen na historia viva de Galicia.

O FENÓMENO DAS ORQUESTRAS EN GALICIA

O que conformou o fenómeno orquestra tal como coñecémola foi o compoñente da electricidade: *A amplificación foi importante para os músicos, pero foi fundamental para a aparición do verdadeiro rei do baile*: o vocalista ou animador, como se lle chamaba entón, hoxe se coñece como cantante.

É posible que os primeiros fosen *Los Satélites*, que xurdiron no ano 1938 nunha academia de baile, e aínda existen porque conservan o selo do seu fundador, o saxofonista Manuel Otero Mariñas *Lolito*, que quería unha orquestra que soase ben e que fora seria musicalmente. Quizais nisto tamén influíu a estrutura empresarial, a orquestra foi sempre propiedade dos seus compoñentes, e os que se marchaban vendían a súa parte aos que entraban novos nela.

A música era daquela unha oportunidade de promoción para os mozos que tiñan ambicións. O malo de todo iso era o custo dos instrumentos, e moitos dos seus pais tiñan que empeñarse, ou privarse de moitas cousas, para poder mercar o instrumento que necesitaba o músico.

Outro gran problema era o medio de automoción. Esa conquista era o transporte que foi o outro paso no proceso de extensión do fenómeno. Os primeiros motorizados parece ser que foron *Os Gaiteros de Soutelo*¹, aos que un *fan* -con posibles dinerarios- regaloulles no ano 1920 un vehículo *Ford*, pero durante moitos anos as orquestras viaxaban como calquera cidadán, en coche de liña ou na súa bicicleta.

A guerra civil supuxo, como en todo, un parón, pero a posguerra puxo en marcha novamente ás orquestras e determinou que os músicos emigraran. Os invernos son duros e obriga a buscar novos escenarios. O acordeón de *Diosíño* chega a Finlandia. *Los Españoles* triunfan en Xapón. Nos seus retornos enchían as verbenas, as salas de festas máis vangardis-

1. Foron un cuarteto de gaitas, moi popular no primeiro terzo do século XX, formado polos irmáns Cachafeiro; foron dos primeiros en gravar un disco e serviron de inspiración a futuras xeracións de grupos musicais tradicionais.

LA MUSICA TAMBIEN ES NOTICIA

"Los Tamara", un conjunto gallego internacional

Una canción dedicada a SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta orquesta-conjunto que se llama "Los Tamara" está de nuevo en España, porque lo particular de estos siete muchachos es que no paran en nuestra Patria, que es la suya, más de un mes o dos por año. Nacidos en Galicia, quizás por ese espíritu expansivo y emigrante que tenemos los gallegos, orientaron sus actividades artísticas desde el primer momento hacia el extranjero. Hoy, "Los Tamara" reparten sus actuaciones por partes iguales entre Francia, Alemania, Suiza, algunos países árabes y España. Y cada vez que cruzan la frontera para acá traen algo nuevo que inmediatamente graban.

—¿Qué hay de nuevo? —le hemos preguntado.

—Grabaciones, como siempre.

—¿Llévan?

—Lo último, también como siempre.

LA ULTIMA NOTA



gran facilidad, o el estilo especial, de dar siempre la última nota de la música moderna.

España exitos tan fabulosos como "La Mamá" y "El Sirtaki" y el mismo "twist".

—¿Cómo enfocáis ahora esta evolución?

—Está enfocada hacia el fin más realista y más puro dentro de la música moderna. Por eso grabamos estas canciones de los que hoy se pueden llamar clásicos, como James Brown, como Pierce Fiege y otros, que son los que actualmente revolucionan el mercado de los Estados Unidos, dándole a esta música una nueva vida y enfocándola hacia nuevos horizontes.

OTRA VEZ A FRANCIA

—¿Será larga vuestra estancia en España?

—Poco. Enseguida marcharemos otra vez a Francia.

—¿Por qué tanto extranjero?

—Recuerda que nosotros somos internacionales desde el primer día. Y así es. "Los Tamara" se lanzaron en el mundo árabe —Orán, Argelia, El Líbano. Egipto— y marcharon

Os Tamara, ocupando destacados titulares nos xornais.

tas e modernas, como a música tropical, moitos antes de que en Nova York inventárase a palabra *salsa*. Xa a partir dos anos 60 foi, sen dúbidas, a época dourada das orquestras e dos seus vocalistas, que foron moitos e bos, destacando o fabuloso Pucho Boedo.

Na actualidade, as orquestras cobran un alto prezo por actuación, aquí depende moito da súa categoría; dende comezos dos 80, algunhas atraen a moita xente a presenciar as súas veladas, admirando o seu espectáculo total cun repertorio clásico mesturado con hits radiofónicos, coreografías, grandes efectos escenográficos, miles de vatios de luz e son.

Esta introdución foi para centrar un pouco o que foron as nosas orquestras, para xa pararnos nunha orquestra galega que acadou unha proxección en todos os niveis e esa foi *Os Tamara*.

CREACIÓN DO GRUPO OS TAMARA

No tempo de Coresma do ano 1958 organízase no *Coliseo Noela*, o que habería de converterse, correndo o tempo, no máis importante grupo de música *pop* da historia do noso país: *Os Tamara*. Seis eran os mozos que integraban a formación, todos eles dotados dunhas innegables aptitudes musicais e cargados de ilusións. A primeira formación estaba composta por músicos de tres orquestras diferentes: Alberto Romo e Enrique Paisal pertencían ao quinteto que actuaba no Hostal dos Reis Católicos de Santiago; Manolo Paz e Prudencio Romo eran compoñentes da *Orquesta Veracruz de Noia*; mentres que Germán Olariaga e Gerardo Bravo formaban parte da *Orquesta Creo de Ponte Nafonso*².

SOBRE O NOME DOS TAMARA

Con motivo dunha monografía sobre Prudencio Romo, da *Sociedade Liceo de Noia*, na súa revista *Alameda* -que fai o número 30, e que é de abril de 2008- que abarca nas súas sesenta páxinas entrevistas e artigos dos compoñentes fundadores dos *Tamara*, fala sobre a denominación, habendo dúas versións distantes apuntadas por fundadores do grupo, que describimos o que apuntan respecto diso.

Na crónica de Manolo Paz, di que “ ... *el nombre surgió a raíz de un favor que yo pedí a Níco, hijo de Ludivina Blanco (me acompañó Alberto Romo a su despacho de abogado). De un libro de historia gallega, destacó ese nombre como la primera familia que pobló nuestra tierra noiesa, se llama la familia Tamara, y por su origen histórico y titular corto nos gustó y fue elegido. Esto anula una equivocación aparecida en su día, que apuntaba a que el nombre lo había puesto un ex alcalde de Noia ...*”.

En cambio, dous dos principais fundadores da agrupación, Prudencio Romo e Enrique Paisal, explican que “ ... *o motivo do nome do grupo foi que a finais dos anos cincuenta era alcalde de Noia, Manolo Ons, o que nos suxeriu que nos bautizásemos como os Tamara, debido a que se trata do antigo nome do río Tambre e da mansión dos condes de Trastamara. E así o fixemos*—corrobora Prudencio—, *malia que o contián daquela era denominar aos novos grupos con nomes estranxeiros ...*”.

2. *Ponte Nafonso*, ou *Ponte das Pías*, é unha ponte de pedra sobre o río Tambre, preto da súa desembocadura no fondo da ría de Muros-Noia, que une os concellos de Noia e Outes.

VIGO FOI O COMEZO DO GRUPO MÚSICO VOCAL

Vigo, ademais de ser unha cidade dinámica, moderna, industrial e económica de Galicia é tamén unha cidade de cultura. O nome de Vigo foi posto no mundo, no século XIII, pola voz, polos versos dun poeta inigualable, chamado Martín Códax, que no seu manuscrito contén as célebres cantigas deste poeta e trobador vigués.

A lírica medieval galega é moi importante e moi valorada. O trobadorismo medieval inspirou a creadores contemporáneos e á música que creou o grupo *Os Tamara*.

No ano 1958, un grupo de seis compañeiros ensaian para actuar nun certame musical para novas promesas organizado por *Radio Vigo*. *Os Tamara* marcharon desde Noia para Vigo cos instrumentos ás súas costas, levounos *O Ferrolano*, e a súa residencia era unha pensión situada na rúa Urzáiz, moi preto do Hotel *Lisboa*.

Os Tamara conseguiron un grande éxito no certame musical de Radio Vigo, e grazas á popularidade que lles proporcionou a súa intervención na emisora olivica, foron contratados para amenizar as veladas na terraza do mítico café *La Marquesina*, que pasou posteriormente nos 60 ao nome de *Flamingo* na rúa Príncipe, era un popular e obrigado punto de encontro para os amantes da música en directo e os tertulianos. Na súa terraza actuaban orquestras de maneira animada e interpretaban un amplo repertorio de estilos musicais. As actuacións empezaban a partir das 3 da tarde ata ás 10 da noite, e a seguir actuaban no *Real Club Náutico* ata ás 12 horas da noite. Os iniciadores *dos Tamara* lembran de bo grado o tempo que pasaron en Vigo, onde existía un bo ambiente, sobre



A prensa local segue os primeiros éxitos do grupo.

todo no Club *Náutico*, alí dábanse cita ás persoas máis influentes da urbe. E ademais os músicos eran moi ben considerados. Tocaban pezas moi coñecidas daquela como *Granada*, e os principais boleros de Antonio Machín e de Lucho Gatica e outras adaptacións que facía Prudencio con extraordinaria calidade.

Un día de gran casualidade os *Tamara* estaban a actuar no *Club Náutico* de Vigo e mentres estaban a tocar chegou un transatlántico con turistas, coa sorte de que viña Monsieur Marly e a súa familia. Este home, que era xudeu e un importante produtor de espectáculos residente en Mónaco, observou, e escoitou con atención ao grupo, e, vendo as súas potencialidades, mandoulle unha tarxeta á mesa na que estaban, por medio dun camareiro, para que se puxesen en contacto con el. Ese encontro foi determinante para o futuro dos mozos músicos, porque Marly introducéos nos círculos da diversión no Norte de África, unha importante rede de actuacións para o turista e o público en xeral, fundamentalmente francés. Nesa época, os integrantes do grupo eran: Prudencio Romo (baixo, guitarra e violín), seu irmán Alberto Romo (guitarra), Manolo Paz (batería), José Sarmiento (guitarra e clarinete), Enrique Paisal (teclados) e Germán Olariaga (violinista e cantante).

OS TAMARA, PIONEIROS INTERNACIONAIS DA MÚSICA POP

Falar dos Tamara é lembrar un dos capítulos máis importantes do nacemento do pop español. O conxunto galego liderado polo coruñés *Pucho Boedo*, xa convertido en mito, foi un dos mellores embaixadores musicais que tivo Galicia no mundo enteiro. Desde finais dos anos cincuenta viviron unha historia digna dunha novela de aventuras, percorrendo Europa, América e o Norte de África e cantándolle ao amor, á vida e a súa terra, da que nunca se esqueceron.

Prudencio Romo, o artífice dos Tamara

A culpa deste invento foi dun músico prodixioso, chamado Prudencio Romo, quen tivo a magnífica idea de fundar o grupo en Noia.

Máis de trinta anos xuntos e moitas anécdotas vividas, centos de viaxes, miles de momentos, pero tamén millóns de dificultades que era necesario atravesar para seguir sobrevivindo. Chegaron os éxitos e cantaron ata en sete idiomas. O seu gran mérito foi o de ser pioneiros en gravar en galego, nun tempo no que calquera cousa considerábase un desafío ao

Réxime. Outros artistas fixérono despois, non sen mérito pero unha vez que os *Tamara* achanzaran ese camiño.

Pucho Boedo, entre a guerra e a vida

A nenez de Pucho Boedo estivo marcada como a de tantos españois pola traxedia da guerra civil, que lle tocou moi de preto. Por estas e outras circunstancias tivo, desde moi novo, a desgraza, a dor e a morte moi presentes no seu carácter. A pesar de todo foi sempre un loitador tanto na música como na súa propia vida.

Nos afastados anos cincuenta empezou na música nunha orquestra coruñesa chamada *Los Trovadores de Alfonso Saavedra*. Alí formouse como cantante e grazas aos seus excelentes dotes vocais pronto embarcou cara Venezuela cos *Satélites*, unha das formacións musicais máis importantes e lonxevas de Galicia. Pero Pucho non volveu daquela viaxe cos seus compañeiros senón que se quedou unha tempada alí, onde din que chegou a coñecer en profundidade os misterios do Caribe.

Os Tamara na alta bohemia de Madrid

Cando Pucho Boedo regresou a España volveu de novo cos *Trovadores* con quen percorreu as mellores salas de festas de Madrid, como a mítica *Casablanca*, tamén gravou os seus primeiros discos, nos que cantaba coñecidos boleros da época, tangos e todo tipo de cancións románticas. Así se foi consagrando aos poucos como *crooner*³ ata que Prudencio Romo propúxolle ser o cantante dos *Tamara* a principios dos anos sesenta polo abandono de Germán, erixíndose axiña como o líder da banda polo seu carisma.

Prudencio Romo encargouse de compoñer e arranxar os principais temas do grupo. As primeiras gravacións datan do ano 1962 e están rexistradas nun EP⁴ no que se incluían os temas *Esperanza*, *El otorrinolarinólogo*, *Camino del Sahara* e *Pide*.

Xa o dicía o famoso presentador radiofónico Joaquín Prat: “... *ustedes, cuando escuchan a Los Tamara, van a conocer a un grupo vocal que no hay en España como él. Y es que este conjunto de origen noiés dejó huella*”

3. Termo de orixe norteamericano que podería traducirse mesmo como un “trobador”; refírese a cantantes, masculinos, que dotados de voz grave, interpretan baladas acompañados dunha orquestra ou dunha “big band”.

4. Correspóndese coas siglas, en inglés, de *Extended Play*, e aplícase a gravacións discográficas que son longas como para poder ser considerados discos sinxelos (*singles*), pero moi curtas como para poder ser considerados álbums (*Long Play*), de feito que se este ten, nambas caras, 8 ou máis pistas, un *single* soamente ten dúas, e un *EP* de 4 a 8.

por allí por donde pasó ...". A voz de Pucho resona na capital de España. Cando os metais, e as cordas calan, *Os Tamara* no só emocionan ao público, senón que erizan a pel dos propios instrumentistas.

Os Tamara cos artistas internacionais na xiras europeas

É o selo francés *Bel Air* o que lles edita as súas primeiras gravacións, un conxunto de cinco EP que comeza con *Esperanza Esperanza / El otorrinolaringólogo / Camino del Sahara / pide* (Bel Air, 1962) e remata con *Todo ya pasó, Joey / El padrino lloró / Seguir soñando / Acurrucadito* (Bel Air, 1963).



Disco editado en Francia no ano 1962.

Os cinco discos gravados para *Bel Air* sorprenden polos seus coidados arranxos e a limpeza do seu son. Os discos son a carta de presentación perfecta para entrar no círculo de concertos en España, con formacións como *Los Sirex* ou *Los Mustang*. A súa popularidade en España crece como a espuma, pois antes destas gravacións eran uns descoñecidos.

As xiras por toda Europa sucédense, e as actuacións máis soadas son as que realizan no Sporting Montecarlo, e sobre todo na mítica sala parisiense *Olympia de Paris*, o templo da música en Francia, onde estiveron máis de dous meses compartindo escenario con figuras de prestixio mundial como *Jacques Brel* e *Charles Aznavour*. Ata ese momento, o único artista español que pisara o Olympia fora *Lola Flores*.

Os *Tamara* tocaron primeiro con *Jacques Brel*, e tempo despois con *Charles Aznavour*, co que xa coincidiran en Alxeria. Para as xiras europeas tiñan outro catante, ademais de Pucho Boedo, que era o filipino Tony Presley, curmán de Isabel Presley. Tony falaba seis idiomas e encargábase de cantar os temas en inglés e italiano, el gravou as voces de cancións como *Soul people* ou *Hutsch (Mal)*.

O público empezou a crer nos *Tamara* e os empresarios artísticos tamén, así que comezaron a choverlles os contratos e chegaron ata o máis alto, compartindo cartel con algunhas figuras internacionais do momento.

Xa en Madrid, os seus concertos eran habituais nos locais de actuacións máis punteiros daqueles anos, como a céntrica sala *Yulia* -nos baixos do teatro *Apolo*-. Mesmo, segundo o testemuño de Enrique Paisal, teclista orixinal do grupo, nunha ocasión tocaron nunha festa para a excéntrica actriz norteamericana *Ava Gardner*.

A adaptación foi constante na súa traxectoria musical

Outra virtude que resalta é o don da adaptación. Cada día son novos, cada día nacen nunha renovación constante, tan nova como o primeiro día. O seu primeiro estilo foi coa melodía italiana. Eles cantaban naturalmente coa súa propia personalidade. Xa no ano 1962, cando gravaron o seu primeiro disco en Francia, un L.P., a música era tropical. E conforme foi evolucionando o mundo musical internacional, *Os Tamara* foron adaptándose e achegaron a súa parte persoal. Así, eles trouxeron a España o *twist* o *La mamá* e o *Sirtaki*, introducindo toda esa música que se facía en Francia, e nos Estados Unidos, e que marcaban a verdadeira pauta comercial do disco.

Éxitos discográficos

Os *Tamara* foron, sen dúbida, a orquestra española que máis discos gravou e vendeu no territorio nacional e no estranxeiro, como xa se dixo, con aquel L.P. de música tropical que gravaron en Francia. O disco foi un éxito total, sobre todo no Norte de África, Portugal, España e Francia -co tempo, chegaron a editar máis de vinte discos-. Cando gravaron en galego, o éxito foi total, acadando un prestixio que é difícil de describir.

Os *Tamara* tiveron un programa moi interesante na Radio Televisión de Francia, onde interpretaron a súa versión española de *Venecia sin ti*. O éxito foi tan grande que a cadena francesa gravoulles unha curtometraxe.

Unha das cancións premiadas no *IV Festival do Miño* tivo un éxito impresionante de venda e difusión, trátase da composición de María José Ceratto *Mi Tierra Gallega*. Desta composición fixéronse varias versións -graváronna *Os Tamara*, *Los Mismos* e *Alfredo* este en castelán e portugués-, foi o disco de maior venda de todos os festivais españois (Mallorca, Atlántico, Benidorm, Aranda, Málaga...), xa que non só no noso país a demanda foi extraordinaria, senón que pasou as fronteiras para irse a América, onde alcanzou unha cifra de corenta mil discos -na súa versión correspondente aos *Tamara*-. Soamente na Arxentina vendéronse máis de vinte e sete mil discos.

Así o nome de Galicia e da cidade de Ourense, xa que o disco na súa carátula indica *IV Festival del Miño (Ourense)*, valeulle dunha promoción insospeitada, e fixo sentir aos galegos da diáspora a saudade da nosa incomparable terra.

Distribuíronse máis copias para o Centro de Europa. Así podemos dicir que a difusión dunha canción premiada no festival, foi unha promoción do nome de Galicia en todos os ámbitos nacionais.

Gañadores do VIII Festival do Miño no 1972

Os *Tamara* conquistaron o primeiro premio do grupo B no *VIII Festival del Miño-Canción del Mundo Celta*, que se celebrou en Ourense no ano 1972.

O xurado votouna como primeira do premio *Ciudad de Ourense*, dotado polo Concello con cento vinte e cinco mil pesetas e Roda de Afiar de Ouro. A canción titúlase *As tres cousas* e é orixinal de Prudencio Romo. Os *Tamara* defendérona con entusiasmo e a canción provocou unha grande adhesión no numeroso público que abarrotaba totalmente o Pavillón de Deportes ourensán.

Algunha anécdota vivida

A xira con actuacións no Magreb foi un éxito, e tocaron en lugares tan prestixiosos como o *Casino* de Orán ou o *Negresco* de Casablanca, de feito que fixeron xiras durante tres anos seguidos por países como Marrocos, Alxeria, Tunisia ou o Líbano...

Saíron cara a Marrocos o 30 de decembro do ano 1958 e chegaron ao *Casino* de Tánxer. A viaxe resultou apaixonante, chámaballes a atención o ambiente cosmopolita de cidades como Tánxer, que era porto franco e que parecía que nunca durmía, con tránsito de xente día e noite. Literalmente, alucinan ao ver ás bailarinas semiespidas do *Casino* de Tánxer.

Pero tras moitos meses actuando sen sobresaltos, todo se complica; en Alxeria viviron un levantamento militar e tiveron que estar quince días sen saír do hotel, pola situación convulsiva xerada pola loita pola independencia contra a colonización francesa, a guerra esténdese desde 1954 ata 1962, con constantes levantamentos militares, e *Os Tamara* teñen que abandonar o país ao recrudecerse os enfrontamentos do FLN co poder colonial francés. As balas entraban polas xanelas e, ás veces, cando estaban xantando tiñan que merterse debaixo das mesas, aquilo foi terrible e tiveron que ir ao consulado francés e esperar por un avión que os sacase de alí. A maioría dos instrumentos quedaron en Alxeria, porque saíron de maneira precipitada.

Saen de Alxeria practicamente co posto, nun avión da Cruz Vermella que os leva a Marsella. Marley búscalles nun par de días actuacións pola zona e teñen que realizar unha escapada a Suíza para armarse cos instrumentos necesarios.

No debut en Marsella, o cantante que tiñan *Os Tamara* namórase dunha corsa. Cando chegan a traballar Germán non aparece, entón, empezaron a averiguar, e o cantante collera un avión con destino á illa de Córcega.

Prudencio Romo telefonea esa mesma noite a Pucho Boedo, que traballa na sala de festas *Casablanca* de Madrid cos *Trovadores*, e da noite para a mañá Pucho Boedo incorpórase aos *Tamara* e chega a Marsella; o novo cantante ten que aprender todo o repertorio. As cancións en francés ao principio non lle saían a Pucho moi ben, polo que tiveron que pasar moitas cancións do francés para o español; o novo cantante íría aprendendo o francés con calma. De Marsella foron a Suíza, Alemaña e despois á Costa Azul, todo iso no mesmo ano 1961. Pucho Boedo consolídase como o cantante do grupo, tras a espantada de Germán Olariaga.

Un dos primeiros conxuntos en compaxinar a canción melódica e o pop

Os *Tamara* foron un dos primeiros conxuntos musicais en compaxinar a canción melódica e o pop; de feito adoitaban levar a dous cantantes, un para cada repertorio. Varios músicos pasaron polo grupo na súa longa traxectoria profesional e mesmo cando faleceu Pucho Boedo, no ano 1986, foi substituído por Sito Sedes.



Portada dun gran disco gravado en 1972 de cancións en galego.

Cancións como *Galicia terra nosa*, *A Santiago voy*, *Negra Sombra* ou *Perdona* foron algúns dos seus máis grandes e lembrados éxitos, ademais de versionar multitude de *hits* dos anos sesenta como *Zorba el Griego*, *El*

mundo, Venecia sin ti... Os *Tamara* atrevéronse mesmo a musicar poemas de recoñecidos escritores galegos como *Curros Enríquez* ou *Rosalía de Castro*.

Nos últimos anos, e xa contando na súas filas con moi poucos dos membros orixinais, reuníronse de novo e gravaron algún disco rememorando as súas primeiras cancións, pero sen lograr a repercusión daqueles anos dourados. En Galicia son frecuentes as homenaxes á figura dos seus membros máis destacados: Prudencio Romo e Pucho Boedo.

Nos círculos críticos musicais de Madrid definían aos *Tamara* como *Los Platters* españois, pola similitude que tiñan co grupo afroestadounidense de complementaridade das voces, que lle imprimían un estilo característico de romanticismo do estilo vocal dos anos 50 e 60.

Cantaron ao amor, á vida e a súa terra

Os *Tamara* cantaban en galego, unha lingua romance que lles deu a vida, nun tempo no que calquera cousa se consideraba un desafío ao réxime. Os temas que cantaban permitían coñecer os versos de Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Pondal ou Rosalía de Castro. A gran poesía galega converteuse nunha música maioritaria ao posibilitar que chegase a cada recuncho do país e da emigración.

O escritor Manuel Rivas pediu, repetidas veces, que a Pucho Boedo se lle dedicase o *Día das Letras Galegas*. No ano 2002 escribiu á Real Academia Galega unha carta na que expoñía os motivos para concederlle tal distinción. Os *Tamara* cantaron a poetas tan diversos como Rosalía de Castro, Francisco Añón, a Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro ... e fixeron dos seus poemas auténticos himnos populares; pois tiveron a coraxe, tiveron o amor e mesmo o sentido da beleza.

“*Hai que destacar o seu labor a prol da nosa lingua e das raíces galegas ...*”, subliñou Fernando Fernández Rego, mentres que Nonito Pereira deixaba claro que Os *Tamara* que con *Galicia terra nosa* (1964) “... *foron o grupo máis venerado polas nosas xentes ...*”. Ata entón non lles deixaban cantar en galego, pero a discográfica Zafiro toma nota do éxito das vendas e dálles carta branca. “*Aí nace o mito galeguista dos Tamara*”, apunta Pereira.

Houbo Os *Tamara* sen Pucho, máis, habería Pucho sen Os *Tamara*? Ou, mellor dito, sen Prudencio Romo? “*O primeiro era un frontman con moitísimo tirón, tiña un gran magnetismo como cantante e non houbo ninguén como el*”, aclara Fernández Rego. “*Agora ben, o segundo foi o*

enxeñeiro na sombra, o responsable dos arranxos da banda e un dos creadores do pop en galego”, añade. “Prudencio, un gran técnico e enxeñeiro de son, era o arquitecto dos Tamara”.

HOMENAXE EN PONTEVEDRA A PUCHO BOEDO E A PRUDENCIO ROMO

Pese ao tempo transcorrido, as mostras de agarimo cara ás figuras de Pucho Boedo e de Prudencio Romo, voz e xenio creador respectivamente da mítica formación musical galega, recibiron unha emotiva homenaxe no *Teatro Principal* de Pontevedra o domingo 10 de xaneiro do 2010. A Banda de Música de Pontevedra ofreceu un concerto coas cancións máis coñecidas do grupo. Como intérpretes convidados estiveron Paco Lodeiro, Sito Sedes e Miguel Ladrón de Guevara, mentres que Xurxo Souto exerceu de mestre de cerimonia.

A dirección da Banda de Música estivo a cargo de José Luís Represas Carrera. O público, que abarrotou o salón, deleitouse coas interpretacións de *A Santiago vou, Atriños, atriños, aires, O vello e o sapo, Porto de Compostela, María Soliña, Miña Terra Galega*, etc. Para esta homenaxe, a Banda de Música contou con tres cantantes e fans do que representa esta música e os personaxes de Pucho Boedo e Prudencio Romo. Así, Paco Lodeiro é un coñecido presentador e produtor do documental cinematográfico *Pucho Boedo: un crooneer na fin do mundo*. Sito Sedes foi a substitución de Pucho nos Tamara e Ladrón de Guevara é un admirador da súa obra.

Os *Tamara* crearon unha banda de pop en Noia e acadaron

DISCOGRAFÍA DE **LOS TAMARA**

IB-45-1.028 LOS TAMARA.—Esperanza - El mundo-bilingüe
Cantao del Sahara - PLAN

IB-45-1.040 El chipi chipi - Yo soy el son cubano - La luna empuja - Y...

IB-45-1.041 Twirl Twirl - Quisiera ser - Hasta siempre - Soy por ti

IB-45-1.063 Volver a ti - Tumbó la cama, fíjate - Desolvírame si comienza - Ma, mamá

IB-45-1.064 Todo ya pasó, foey - El pedrito doré - Seguir andando

Acurrucadito.

Z-E 541 La mamma - Chío, chío - Si yo viviera en un castillo - América

Z-E 554 El poutam - Se borlo de mí - Sapere di Salé - Ya

Z-E 554 Allá, allá - Galicia Terra Nostra - El mundo - Mashé

Z-E 554 Potato Time

Z-E 554 Venécula sin ti - Música rosa - Con el corazón - La primera vez.

Z-E 552 Tu me haces mal - Pecadora - La otra madre - Misirlou.

Z-E 595 Zorba el griego (Siraki) - Resapión nostálgico - El mundo - El trisefor inglés

Z-E 712 Gracias, gracias, gracias - La vida es así - Al sonar el clarín - A la buena de Dios

Z-E 736 Yo sacché el mar - Mister Pitiful - Este es el mundo del hombre - De la música

OO-45 El amor - Galicia tierra nostra

OO-46 Allá, allá - Mashé potato time

OO-100 La primera vez - Música rosa

OO-101 Venécula sin ti - Con el corazón

OO-105 Tu me haces mal - Pecadora

OO-106 La otra madre - Misirlou

OO-139 Zorba el griego - El mundo

OO-152 Juantita Banana - El eterno viajero

OOX-179 A Santiago voy - Soy muy feliz

OOX-180 La banda - Amariños colla

OOX-184 Estoy de Rodríguez - Perdona

OOX-190 Pastores cantalle a'o Neno - Os auxalhões d'o Ceo

OOX-191 Curva peligrosa - Gibraltarera

OOX-192 Massachusetts - Contigo es mejor

OOX-198 El hombre del tiempo - El viajero

OOX-202 Mi tierra gallega - Avea del prado

OOX-209 Tiritando - El color de la noche

OOX-206 Las copinas de una rosa - Alice Long

OOX-207 Tu forma de amarme - Soy un Juerguista de la medianoche

OOX-208 Verá, y na habáreis - Leonor

OOX- Emigrado - Puerto de Compostela

EN DISCOS **ZAFIRO**

Discografía editada co selo "Zafiro".

unha impresionante popularidade nas décadas dos anos 60 e 70, interpretando música popular galega á que aplicaban os arranxos baixo as influencias do soul e do rock daquela época. No seu repertorio incluían poemas de grandes escritores da lingua galega.

OS ÚLTIMOS *TAMARA* NUN CONCERTO NOSTÁLXICO

Os Tamara cautivaron ao público de Vilagarcía de Arousa no seu concerto nostálxico e solidario, o 18 de abril de 2010, na gala de *Afasal* (Asociación de enfermos de alzhéimer) que cumpriu unha vez máis coa súa programación para recadar fondos que lles permitan continuar cos seus obradoiros.

Rexistrouse un máis que numeroso público que se deu cita no Auditorio no que se vibrou co pop de sempre, aquel dos anos 60 e 70. *Os Tamara* acudiron con enerxías renovadas nun concerto no que incluíron temas como *Mi tierra gallega*, *A Santiago voy*, *Muñequita linda* ou *Airiños, airiños, aires*, na voz de Manuel Suárez (Lassa), aplaudido a rabiar polo *respetable*, como ao teclista de sempre, Enrique Paisal e Antonio Vázquez (Tocho) tocando saxo e clarinete.

E é que o concerto soou coma sempre, como cando *os Tamara* acudiron a París e cantaron con Charles Aznavour ou Jacques Brel, con aquela cadencia que tan ben soubo imprimir Pucho Boedo, verdadeiro líder da banda, que ninguén o esquece.

OS PRIMEROS COMPOÑENTES DO GRUPO

Neste apartado, nos centraremos en dar unhas pincelas biográficas de cada un dos seis músicos, que tiveron a feliz ocorrencia de crear, hai máis de seis décadas, un grupo músico-vocal de gran nivel, que levou o nome de Galicia por todo o mundo. Algúns deles deixaron o grupo e fóronse incorporando outros co paso do tempo, todos sempre con gran profesionalidade.

PRUDENCIO ROMO, O ARQUITECTO E VISIONARIO DO GRUPO

Prudencio Romo González naceu en Noia (A Coruña) o 10 de outubro de 1927 e faleceu en Santiago de Compostela o 19 de marzo de 2007; destacou por ser compositor e intérprete de guitarra, baixo e violín, princi-

palmente. Foi director musical do mítico grupo.

Prudencio Romo era fillo dun garda de asalto destinado en Galicia que, durante a Guerra Civil, permaneceu fiel á República, polo que estivo preso no Castelo de San Antón da Coruña.

Comezou como neno do coro na igrexa de San Martiño de Noia e, despois, no Seminario de Compostela, onde gañou unha praza no coro da Catedral de Santiago de Compostela. Formouse, musicalmente, en coros relixiosos e en bandas militares. Tamén nos seus comezos está recoñecido como músico fundador da orquestra *Compostela* co saxofonista Ángel



Prudencio Romo, alma mater de *Os Tamara*.

Pereiro Cores, un dos grandes saxofonistas galegos, do que se poden citar temas como *Vivir a Lonxe*. Prudencio Romo comezou na orquestra a finais dos anos cuarenta como violinista e cantante.

Foi o enxeñeiro inventor do pop en galego, responsable dos brillantes arranxos da banda e das grandes decisións que tomaron *os Tamara* ao longo de súa carreira: a fichaxe de Pucho Boedo e o seu paso á canción en lingua galega.

O grupo disolveuse no ano 1976 coa enfermidade de Pucho Boedo. A partir de aí, Prudencio seguiu relacionado coa música, no terreo empresarial, como director do selo *Marfer*, como arreglista e componendo multitude de cancións para diversos artistas da época.

A carreira musical desenvolvida por Prudencio Romo, ao que tanto debemos xa para sempre como creador, músico, compositor, arreglista, produtor discográfico, director e, sobre todo, creador dos *Tamara*, o grupo máis emblemático de música lixeira que tivo Galicia, sen ningunha dúbida, en toda a súa historia.

Todos sabemos moi ben o que significou a obra do noiés, sobre todo aquel gran LP que se chamou *Na fermosa Galicia*, todo el dedicado a grandes poemas, musicados polo artista. Só por aquel disco, que levou un prólogo de *Sebastián Martínez-Risco*, entón presidente da Real Acade-

mia Galega, avala a trascendencia da empresa cunhas palabras manuscritas recollidas no cartafol do disco: *“Xa era tempo de que ao abrente dos novos días o pensamento dos poetas galegos agromase no canto e na música, pouco menos que arredados da súa obra dende que no fondo dos séculos, acompañaron ao astro dos troveiros medievales, que nun froitoso anceio de enxoiar a confesión dos seus sentimentos máis nidios de amor humán ou diviño fixeron dos poemas cantigas. Xa era hora de que as melodías do troveiro Martín Códax, as contadas romanzas sobor de textos d’algús poetas galegos do XIX e outras pezas musicales eséticas da dúbida enxebreza, atopisen un eco axetado aos novos tempos. (...) Confortanos agora o ver cómo a mocidade, a prol de anovar a canción galega, non esquece achegarse a roseira poética da Terra nai, pra tomar dela o brillo eo recendo. As xoias líricas atobadas no ricaz cancionero popular galego e na minerva dos poetas cultos, agardaban a súa colleita e transposición ao canto hoxe encetadas con louvable exemplaridade, merecente de imitanza, pola casa Zafiro”.*

A principios dos 80 volveu a Noia, onde seguiu vinculado ao mundo da música. Formou e dirixiu, durante varios anos, a Banda da Serra de Outes. Tamén dirixiu os diversos festivais de zarzuela que se fixeron na *Sociedade Liceo* de Noia. A finais do ano 1994, a corporación municipal de Lousame encargoulle o labor de formar unha banda de música no municipio e foi director dela ata o ano 2006, un ano antes do seu falecemento. No ano 1996, a súa vila natal, Noia, nomeouno por méritos propios *fillo predilecto*.

GERARDO BRAVO. FUNDADOR, SÓ ACTUOU DURANTE TRES MESES

Gerardo Bravo naceu en 1936, no lugar de Mirou, da parroquia de Roo, do municipio de Noia. Cando saían da escola de José Castro Romero, estudaba música con Creo O Manco, que daba clases particulares. Máis tarde estudou música con Eugenio Lestón Alcaina. Comezou a tocar nunha orquestra que fundou na súa aldea o que fora o seu primeiro mestre de música.

Nun principio tocou o saxo e a fruta na *Orquestina Creo* de Mirou, onde actuaban entre outros con Paco Maio, Chico, que tocaba o acordeón e Creo. O Manco, que era o director, estivo con eles dous ou tres anos, sobre o ano 1952. Actuaban nas festas das parroquias ou en calquera lugar onde lles chamaban. Despois pasouse a actuar na *Orquestra Os Beiros*, que era da Ponte Nafonso e dirixíaa o que fora tamén o seu mestre

de música Eugenio Lestón Alcaina. Cobraba unhas 200 pesetas por actuación, estivo con eles entre os anos 1956 e 1957. O seu director cobraba o dobre 400 pesetas.

Durante ese tempo, recibiu a chamada dun músico de Noia, Prudencio Romo. Un home cunha extraordinaria vocación con ilusión de querer saír do anonimato para viaxar cos seus instrumentos por outros mundos.

No mes de xuño do ano 1958 integrase ao grupo fundador dos *Tamara* e, meses despois, decide deixar o grupo para volver á súa vida cotiá. Volveu para casa e comezou a actuar na Orquestra *París de Noia* ata que pasou a traballar no Banco Pastor no ano 1965.

MANOLO PAZ NACEU NUN AMBIENTE DE MÚSICOS

Manolo Paz naceu dentro da música; o seu pai e o seu avó foron compositores e comezou a tocar sendo un neno. Grazas á música pasou un servizo militar fantástico, dedicouse a darlle clases ás fillas dos altos cargos.

Cando Manolo volveu a Noia quixo dar o salto, lanzándose internacionalmente ao mundo da música. Fundou *Os Tamara* e ao instante subíronse aos escenarios.

O primeiro contrato foi na cidade de Vigo. Alí comezou á historia dun grupo de amigos, todos eles levaban nas súas veas a musicalidade para chegar moi lonxe no panorama do éxito. Despois de varios anos coa banda decidiu marchar, seguir o seu propio camiño. Formou os *Cinco de Europa*, con quen estivo tocando ata os 50 anos, onde a súa vida pegou un xiro: colgando todo, a guitarra, o baixo, o violín...

Principio del formulario

Principio del formulario

ALBERTO ROMO GONZÁLEZ, BO GUITARISTA

Alberto Romo González naceu en Noia e desde moi temprana idade dedícase á música e colleu como instrumento de corda a guitarra, esta afección venlle do seu irmán Prudencio Romo; tocou en compañía de Enrique Paisal no quinteto que actuaba no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela. Cando se crea *os Tamara* el é membro fundador e tocou a guitarra.

Alberto Romo, bo guitarrista que lucía ben ao tocar.

ENRIQUE F. PAISAL REGO, BRILLANTE CARREIRA MUSICAL

Enrique naceu en Palmeira, no ano 1938. Á idade de 8 anos comeza os seus estudos de solfeo e acordeón co seu pai, Enrique Paisal Pérez. Aos 10 anos trasládase a Santiago de Compostela onde segue con seus estudos de solfeo e piano co mestre D. Ángel Brage no Conservatorio de Grado Superior. Tamén asistiu a cursillos de solfeo con Ana María Navarrete e a cursos de piano con D. Manuel Carra e D. Vázquez Sebastián. Ademais da carreira superior de piano, completou ata 5º de violín.

Aos 18 anos pasa a formar parte do grupo *Os Tamara* como fundador e consegue os seus maiores éxitos. No ano 1975 deixa o grupo e regresa a Santiago onde comeza a dar clases no Conservatorio, máis tarde na primeira escola de música de Porto do Son e tamén se fai cargo da coral *Voces do Son*. Despois estivo como mestre de piano e solfeo na escola de música do Liceo da Pobra do Caramiñal. Finalmente chega á escola Municipal de Riveira e tamén faise cargo da Coral Polifónica de Riveira.

GERMÁN OLARIAGA, PRODIXIOSA VOZ

Germán Oloriaga é natural de Noia, e foi o cantante fundador dos *Tamara*, dos que formou parte dende 1958 ata 1961. Germán era un verdadeiro animador, que enchía o escenario. Cantaba en varios idiomas, ademais posuía unha voz prodixiosa, bailaba e tocaba o violín.

Pódese dicir que Germán tiña todos os triunfos para ser un grande artista. E durante os tres anos cos *Tamara* conseguiu. Germán Oloriaga tiña unha bela voz, e ademais de bo músico, contaba con boa presenza.

JOSÉ SARMIENTO RODRÍGUEZ, PRIMERA INCORPORACIÓN

José Sarmiento Rodríguez é natural de Noia. José Sarmiento é cuñado de Prudencio Romo e chegou aos *Tamara* cando Gerardo Bravo deixou o grupo. Tocaba a guitarra e o clarinete.

ANTONIO CRUZ "PERI", BATERÍA DO GRUPO OS TAMARA

O músico Antonio Cruz naceu na Coruña (1936-2015) e foi batería dos *Tamara*; estivo na primeira formación do grupo e contribuíu a mantelo vivo tras a morte de Pucho Boedo, xunto con outros integrantes da banda como Prudencio Romo ou Enrique Paisal. Anteriormente fora batería da orquestra *Los Satélites*, e posteriormente colaborou co grupo *Los Doré*, nos anos 90.

Antonio Cruz tiña unha conexión moi importante con Cuba e nos seus últimos anos ía habitualmente a Camagüey, axudou a traer músicos e grupos da illa a Galicia, colaborando con artistas como Tato Rivera. No ano 2013 recibiu o galardón honorífico dos *Premios Galegos da Música Martín Códax*.

ANTONIO VÁZQUEZ "TOCHO", MESTRE DE SAXO E CLARINETE

Antonio Vázquez Raña naceu en Beade (Ourense), o 15 de agosto de 1938, fillo adoptivo de Vigo, apodado (*Tocho*), tocou co seu irmán Camilo (Lito) nos *Tumberos* de Cangas. Cando chegou aos *Tamara*, este xa era coñecido, el era un gran seguidor da banda antes de converterse en integrante. Deixou o grupo na década dos setenta para poder pasar máis tempo coa súa familia.

Aínda así, non quiso desvincularse da música, pois formou posteriormente un conxunto cos seus irmáns, baixo o nome de *Saudades 73*. Foi membro da Banda Municipal de Vigo, mestre da banda de música de Valladares e director da Banda de Música de Torroso (Mos).

O 31 de xaneiro de 2015 Antonio Vázquez Raña, recibiu unha merecidísima homenaxe pola súa brillante traxectoria musical e a desinteresada colaboración durante tantos anos coa *Banda de Música Unión Musical de Valladares*, é o que merecía este home que é coñecido pola maioría das persoas como Tocho. Colaborou ininterrompidamente, desde o ano 1975 ata moi recentemente, coa Banda de Valladares e a súa Escola de Música.

PACO MONTERO, CANTANTE E COMPOSITOR

Paco Montero, este ferrolán, que pertenceu aos *Tamara* como vocalista xa nos tempos finais no ano 1975, e a partir do 1976 substituíu a Pucho como cantante, continuando no grupo gravando varios LP (cun deles acompañado polo propio Pucho Boedo).

MANOLO SÚAREZ "LASSA", A MELLOR VOZ DOS CANTANTES GALEGOS

Manuel Suárez Fuentes (Manolo Lassa) naceu en Vilagarcía (1943-2018). A traxectoria de *Manolo Lassa* como cantante foi moi dilatada. A súa potente voz de barítono foi unha das características do grupo musical *Los Duendes*.

Comezou a cantar para os *Tamara* no ano 1989; aínda que non formou parte da banda orixinal si colaborou con eles en xiras e na gravación de

discos, e con algunha actuación esporádica ata o ano 1996. Este vilagarcían polo seu timbre de voz foi o que mellor se achegou á calidade do seu admirado Pucho Boedo.

O 23 de agosto de 2013, no Auditorio Municipal, Manolo Lassa, recibiu en vida unha emotiva homenaxe acompañado dos amigos do grupo que lle acompañaron ao longo do tempo, que se xuntaron para interpretar música dos 60, 70 e os 80.

Como historiador local, recolleu moita información, e sobre todo a historia do ferrocarril e colaborou coa *Fundación Camilo José Cela*. Foi tamén un dos artífices da Asociación Arousa Tren, vinculada á *Asociación de Amigos del ferrocarril*. Tamén ocupou un posto no Concello de Vilagarcía durante varios anos como arquiveiro municipal.

SITO SEDES, O CANTANTE DA VOZ ELEGANTE

A admiración polo seu pai, cantante tamén aínda que non profesionalmente, marcou a carreira deste vocalista. Esta vocación levoulle, co paso do tempo, a orquestras como a *Sintonía* da Coruña ou *Radio* e a grupo *Los Key*, antes de asinar coa agrupación que o levou á fama, *Los Satélites*.

Sito Sedes, xa de neno, fixábase nos vocalistas das orquestras, quedándose con todos os detalles: como falaban, como cantaban, como vestían... Pucho Boedo e Santi Pardo foron os que lle marcaron máis.

Comenzou a cantar no ano 1962, con 16 anos, na agrupación *Atlantic* de Pontedeume e gravou dous álbums cos *Tamara*, en homenaxe a Pucho Boedo, e puxo as súas cualidades ao servizo de moitas bandas, como as da Coruña, Merza, Santiago de Compostela, Ferrol, San Tirso, Ribadavia, Pontevedra ou de Meaño.

PUCHO BOEDO, Ó GRAN MITO DA CANCIÓN GALEGA

Xosé Boedo Núñez (A Coruña, 1928-1986). Coñecido popularmente como *Pucho* Boedo, naceu no barrio coruñés do Ventorrillo.

A finais dos corenta comezou a cantar na Radio Xuventude da Coruña, e no ano 1953 gañou un concurso de canto, que tivo lugar no *Kiosco Alfonso*, nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña. Ao gañar o certame, Alfonso Saavedra, director da orquestra *Los Travadores*, fixouse nel e contratouno para actuar, de forma profesional, coa agrupación orquestral.

No ano 1955 pasou a outra das grandes orquestras da Coruña: *Los Satélites*. No ano 1961 comeza a súa andaina no grupo *Os Tamara*. Pucho

foi chamado polo seu estilo de recitar as letras. No ano 1976, Pucho Boedo deixou o grupo, e no ano 1982 volveu cantar en solitario.

Pucho Boedo faleceu na Coruña o 26 de xaneiro de 1986. No ano 2006, con motivo do 20 aniversario da súa morte, celebrouse un festival-homenaxe no Pazo da Ópera da Coruña, festival no que participaron, entre outros, os artistas Deluxe, Miguel Ríos, Nacho Novo, gala que presentou Xurxo Souto. En Londres, a xente da emigración dedicoulle tamén unha homenaxe

O cantante Miguel Ríos alcómouno: "*como un atleta de la noche, por lo mucho que resistía las madrugadas madrileñas*".



Imaxe de Pucho Boedo, moi novo, triunfando como cantante.

TRES PERÍODOS DISTINTOS DOS *TAMARA*

Os Tamara pasaron por tres períodos distintos.

O primeiro pasa pola súa creación no 1958 ata o ano 1961, coa incorporación do impulsor Pucho Boedo, que é a era dourada de actuacións, gravacións e éxitos discográficos.

A segunda etapa ata o ano 1976, cando o grupo se separa coa baixa de Pucho Boedo, e séguelle Prudencio Romo e Enrique Paisal. Os días de viño e rosas finalizan en 1976 coa enfermidade de Pucho Boedo, el se disgrega e recibe un duro golpe coa morte en 1986. E despois o seu amigo Prudencio Romo. Quedan as cancións. Esas non morren.

A terceira e última etapa, xa con distintos cantantes, e músicos que se xuntan para actuacións moi esporádicas, ata que se dissolve definitivamente.

Hai moitas notas soltas con datos de referencia sobre *os Tamara*, merecen un traballo de recompilación e a publicación dun libro, con texto e

ilustración gráfica. Agora é o momento de realizalo porque aínda viven algúns dos seus compoñentes, que xa teñen os seus anos, pero aínda conservan ludidez, para que nos acheguen todo o que lembran da mellor banda músico vocal galega de todos os tempos.

A calidade interpretativa de moitas das súas pezas, así como os arranxos empregados, fan deste grupo un dos máis importantes do pop español de todos os tempos.

Só Pucho Boedo, xa ten suficientes anécdotas como para enriquecer calquera traballo da historia do grupo, aparte do que significou *Os Tamara*, como di Fernando F. Rego no seu libro *"50 anos de pop, rock e malditismo na música galega"*: "... *falar dos Tamara é falar de moitas cousas. Pero quedémonos coa idea principal: falando de pop en galego, antes deles non había nada ...*".

A música dos *Tamara* era un pop elegante, limpo, tecnicamente perfecto, orixinal. Un pop moderno e nostálxico ao mesmo tempo, melancólico ás veces, luminoso outras. Un pop profundamente evocador, como doutro lugar, como doutro tempo pero, ao mesmo tempo, inequivocamente español.

Sempre nos queixamos do espazo do que dispoñemos, pero é que falar, aquí, de *Os Tamara*, é como querer escribir un libro e facelo, simplemente, nunha cuartilla, iso incurríse en deixar, moitas valoracións, algunha que outra anécdota importante e datos de gran relevancia no tinteiro.